



FICHA LINGUA TEMA 12



1. Relaciona con letras cada pregunta con dous adverbios que poderían servir como resposta:

☐ A	Onde está a vosa casa?	☐	abofé	☐	estupendamente
☐ B	Que tal está ese libro que liches?	☐	bastante	☐	mañá
☐ C	Cando vos mudades á casa nova?	☐	alí	☐	agora
☐ D	Gústache o biscoito que fixemos?	☐	si	☐	preto
☐ E	Canto che falta para acabar?	☐	ben	☐	pouco

2. Clasifica os adverbios anteriores segundo a circunstancia que expresen:

Tempo	Lugar	Modo	Cantidade	Afirmación

3. Escribe ao lado de cada oración o adverbio que contén e di de que tipo é:

- A nós tampouco nos deu tempo a rematar o traballo. ▶ _____
- A Vitor e a Sara gústanles erguerse cedo. ▶ _____
- As instrucións explican claramente como funciona o aparello. ▶ _____
- Á bicicleta saqueille máis proveito do que pensaba. ▶ _____

4. Separa as seguintes palabras en sílabas cun guion:

- | | | |
|--------------------|--------------------|--------------------|
| • carreira ▶ _____ | • moucho ▶ _____ | • escravo ▶ _____ |
| • pallaso ▶ _____ | • estraño ▶ _____ | • cocheira ▶ _____ |
| • xoguete ▶ _____ | • guitarra ▶ _____ | • lingua ▶ _____ |

5. Sigue o modelo e copia cada palabra onde corresponda, separando as súas sílabas:

- | | | | | | |
|----------|----------|------------|----------------|-----------|-------------|
| • frouxo | • tardío | • portaría | • esvaeecer | • ciencia | • violencia |
| • auga | • faena | • aéreo | • inconsciente | • carie | • historia |

Dúas sílabas: ► frou-xo


Tres sílabas: ► _____

Catro sílabas: ► _____

6. Ordena as sílabas para formar o nome de tres oficios e completa con eles as oracións seguintes:



DO RES RA TAU RA



POR TRANS TA TIS



CUA TI RIO AN

- O _____ vende obxectos antigos na súa tenda.
- A _____ repara os danos que sufriu o cadro.
- O _____ descarga os mobles antigos con coidado.

7. Completa cada palabra co sufixo axeitado (non lle poñas a raia antes):

-ista -ada -ón -eira -eiro -oso -aría -iño

- | | |
|--|--|
| • O que ten moita fama. ► fam_____ | • Culler grande. ► culler_____ |
| • O que reparte as cartas. ► cart_____ | • Persoa que toca o piano. ► pian_____ |
| • Onde venden zapatos. ► zapat_____ | • Comida a base de sardiñas. ► sardiñ_____ |
| • Cadro pequeno. ► cadr_____ | • Árbore que dá laranxas. ► laranx_____ |